

Acta de reunión con carácter ordinario da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis, celebrada no salón de actos da sede da Federación Galega de Fútbol, no Estadio Vero Boquete en San Lázaro de Santiago de Compostela, celebrada o 27 de xaneiro de 2024 as 16.40 horas, coa asistencia dos membros que se detallan á marxe:

**Presidente:** José Mosquera Casero

**Estamento Árbitros:**

Manuel Ángel Martínez Baz  
Blas Sobrido Lago

**Estamento Técnicos:**

Jorge Comesaña Comesaña

**Estamento Deportistas DGAN:**

Celia Cerviño Ruíz

**Estamento Tenis Playa:**

Diego Negreira López

**Estamento Deportistas A Coruña:**

José Deus Brage  
Fernando Placer Manzanaro

**Estamento Deportistas Lugo:**

José Ángel Carreira Montes

**Estamento Deportistas Pontevedra:**

Luis Juan Fernández Martínez  
Eduardo Giménez Cencillo

**Estamento Clubs A Coruña:**

Club Tenis Boiromar- Belén Hermo Rebollido  
Club Tenis Punta Salera- Ana Fernández Romero  
Sporting Club Casino Coruña - Gabriel Fernandez Mouroille  
Club Tenis Compostela – Juan M. López Barral  
Club de Tenis Redes- César Bermudez

**Estamento Clubs Lugo:**

Centro Deportivo D10 – Marta Estévez  
Club Fluvial de Lugo - Manuel Castiñeira Abuín  
Club Tenis Chantada- Yolanda Colmenero

**Estamento Clubs Ourense:**

Club Deportivo Dereito Empresariais- Julio César Rodríguez González  
Club Tenis Ribadavia- Bárbara Canedo Gutierrez  
Club Santo Domingo- Celso Carpintero

**Estamento Clubs Pontevedra**

Club Tenis Gondomar – Juan Freitas Fernández  
Club Tenis Valga- Ángel Méndez Morales  
Asociación Club Tenis Pontevedra- José M. Fariñas Cid  
Ureca-representado por Carlos Lorenzo Lista  
Club Tenis Cidade Olívica- Ana M<sup>a</sup> Alonso Nogueira  
Club Tenis Cambados- Laura Hermo Rebollido

Club Tenis Ponteareas-representado por Juan C. Fernández Márquez  
Club Tenis Redondela- representado por José Carlos Otero López  
Marco A Casal Costas – asistente a presidencia  
M<sup>a</sup> Jesús Fernández García-actúa como secretaria para esta reunión

Acta de sesión:

E aberta polo presidente, e da paso aos distintos puntos da Orde do Día:

**1. Aprobación do acta da reunión anterior.**

É aprobada po unanimidade.

**2. Avance da liquidación do Exercicio Económico a 30 de novembro de 2023**

Toma a palabra o presidente e fai referencia ao documento que se fixo chegar por correo electrónico a todos os membros desta Asemblea Xeral. Vai desagregando e explicando as contas empezando polos ingresos recibidos ao 30 de novembro e o mesmo fai cos gastos.

Despois de varias consultas a mesa, como a de Diego Negreira que fai referencia á súa petición dun orzamento específico para o Tenis Praia ou o de Blas Sobrido que pide que se recolla en acta, que a Federación pode contratar directamente aos técnicos que interveñen dando clases durante o plan corresponsables, pásase ao punto 3 da Orde do Día.

**3. Aprobación do Orzamento de ingresos e gastos do ano 2024.**

Do mesmo xeito que coa liquidación ao mes de novembro de 2023, o presidente informa sobre como

se configurou o orzamento, xa coa subvención anual da Xunta recentemente notificada. O cadro informativo do orzamento é o seguinte:

Referente aos ingresos:

<b>INGRESOS</b>		<i>Presupuesto 2023</i>	<i>Liquidación 30 noviembre</i>	<i>Presupuesto 2024</i>
<b>CUOTAS AFILIACIÓN</b>		<b>260.000,00 €</b>	<b>250.380,28 €</b>	<b>249.500,00 €</b>
Cuotas Afiliación		- €	- €	- €
Licencias		181.500,00 €	171.599,89 €	172.000,00 €
Equipos		52.500,00 €	56.144,00 €	55.000,00 €
Cuadros		12.000,00 €	10.811,39 €	11.500,00 €
Cursos		14.000,00 €	11.825,00 €	11.000,00 €
<b>PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>		<b>211.685,00 €</b>	<b>198.050,84 €</b>	<b>211.000,00 €</b>
Escuela Samil		180.185,00 €	165.389,61 €	181.000,00 €
IMD		9.500,00 €	8.800,00 €	8.000,00 €
Torneos FGT		22.000,00 €	23.861,23 €	22.000,00 €
<b>SUBVENCIONES</b>		<b>185.444,00 €</b>	<b>483.428,00 €</b>	<b>134.377,00 €</b>
Subvenciones públicas		185.444,00 €	483.428,00 €	134.377,00 €
	Diputación Ourense	9.500,00 €	7.668,00 €	
	Diputación Pontevedra	6.500,00 €		2.000,00 €
	Xunta de Galicia	112.244,00 €	112.244,00 €	114.577,00 €
	PER		7.000,00 €	7.000,00 €
	Concello de Ourense	4.500,00 €	6.000,00 €	
	Concello de Vigo	8.000,00 €	10.000,00 €	
	RFET	10.800,00 €	10.800,00 €	10.800,00 €
	RFET	16.000,00 €	14.858,00 €	
	RFET	16.000,00 €	14.858,00 €	
	Corresponsables		300.000,00 €	
<b>OTROS INGRESOS</b>		<b>16.364,20 €</b>	<b>28.860,86 €</b>	<b>10.407,51 €</b>
Otros patrocinios		10.200,00 €	5.585,95 €	4.200,00 €
Otros ingresos		5.664,20 €	16.274,91 €	6.207,51 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>673.493,20 €</b>	<b>960.719,98 €</b>	<b>605.284,51 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>670.012,85 €</b>	<b>926.595,58 €</b>	<b>603.890,60 €</b>
<b>BALANCE</b>		<b>3.480,35 €</b>	<b>34.124,40 €</b>	<b>1.393,91 €</b>

En referencia aos gastos



GASTOS	Presupuesto 2023	Liquidación 30 noviembre	Presupuesto 2024
<b>TOTAL GASTOS PERSONAL</b>	304.253,18 €	364.615,66 €	323.380,77 €
ARBITRAJE CAMP. GALLEGOS.	9.720,00 €	9.079,54 €	9.000,00 €
MARKETING Y NUEVAS TECNOLOGÍAS	2.160,00 €	815,25 €	1.300,00 €
SERVICIOS EXTERIORES	62.608,00 €	50.084,55 €	49.650,00 €
Gestoría	5.000,00 €	7.240,57 €	7.500,00 €
Arrendamientos y cánones	- €	- €	- €
Seguros	35.300,00 €	18.567,88 €	20.000,00 €
Suministros, correo y otros	6.550,00 €	7.016,79 €	7.700,00 €
Reparaciones y conservación	2.500,00 €	5.903,38 €	2.500,00 €
Escuela Samil Varios	3.000,00 €	2.393,12 €	2.000,00 €
Gastos Administración	1.600,00 €	1.629,50 €	1.600,00 €
Servicios bancarios-recibos Samil	3.000,00 €	1.886,46 €	2.000,00 €
Otras partidas FGT	5.658,00 €	5.446,85 €	6.350,00 €
DOCENCIA	12.000,00 €	2.857,22 €	7.000,00 €
COMITÉ DE PROMOCIÓN	3.300,00 €	268.034,56 €	2.000,00 €
Circuito Protenis	1.000,00 €	- €	- €
Corresponsables	- €	267.771,98 €	- €
Cursos y acciones de promoción	2.300,00 €	262,58 €	2.000,00 €
PROGRAMAS TECNIFICACIÓN FGT	47.000,00 €	36.298,42 €	48.500,00 €
Programas tecnificación Autónoma	28.000,00 €	22.743,97 €	28.500,00 €
Tecnificación provincial	11.000,00 €	4.554,45 €	10.000,00 €
Proyecto Tokio 2021/ París 2024	8.000,00 €	9.000,00 €	10.000,00 €
GASTOS DEPORTIVOS	201.950,00 €	181.559,51 €	132.650,00 €
Subvención gallegos-máster	6.450,00 €	4.991,09 €	6.450,00 €
Campeonatos de España	20.000,00 €	20.101,90 €	30.000,00 €
Organización campeonatos internacionales	17.000,00 €	16.200,00 €	19.200,00 €
Homologación licencias	26.000,00 €	20.599,00 €	22.000,00 €
Homologación cuadros	10.000,00 €	8.710,40 €	10.000,00 €
WTA	87.000,00 €	86.208,22 €	10.000,00 €
Torneos FGT	17.000,00 €	21.813,90 €	17.000,00 €
Selecciones gallegas	10.000,00 €	- €	10.000,00 €
Bonificación y Subvenciones	8.500,00 €	2.935,00 €	8.000,00 €
GALA DEL TENIS	7.000,00 €	500,00 €	7.000,00 €
ÓRGANOS DE GOBIERNO	7.000,00 €	1.836,02 €	13.800,00 €
INTERESES DEUDAS	2.550,00 €	2.943,18 €	2.500,00 €
GASTOS EXTRAORDINARIOS	2.000,00 €	- €	- €
Servicios Profesionales	500,00 €	- €	- €
GASTOS Y PÉRDIDAS EJERCICIOS ANTERIORES	- €	- €	- €
AMORTIZACIONES	7.971,67 €	7.971,67 €	7.109,83 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	670.012,85 €	926.595,58 €	603.890,60 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	673.493,20 €	960.719,98 €	605.284,51 €
<b>BALANCE</b>	3.480,35 €	34.124,40 €	1.393,91 €

Luis Fernández, fai mención ao capítulo de soldos e salarios. Se o importe de subida é do 3%, a correspondencia entre o orzamento do 2003 e o 2024 non debe estar correcto. Vendo o desglose da conta, aclárase que hai un erro de cálculo en 8000€ que vén do importe de persoal contratado cubrindo baixa de persoal administrativo.

Por outra banda solicita que se o exercicio segue en positivo ao peche de decembro, propón que se executen todas as bonificacións aos clubs e axudas directas a xogadores e de seguir con resultado positivo, crear novas axudas para estes programas.  
Os membros de asemblea consideran oportuno deixar o orzamento tal cal está.

Procédese á aprobación do orzamento do 2024:

Votos en contra: 13

Abstencións: 0

Votos a favor : 16

O orzamento do 2024 é aprobado.

#### 4. Tarifas para o ano 2024/2025

Resúmense as tarifas da tempada 2024/2025 de acordo co seguinte cadro para a súa aprobación

##### LICENZAS FG TENIS – VIXENCIA 01/10/2024 – 30/09/2025

Categoría	Idade	Precio
Senior	>18 anos	48€
Junior	17 y 18 anos	25€
Cadete	15 y 16 anos	25€
Infantil	13 y 14 anos	25€
Alevín	11 y 12 anos	25€
Benxamín	ata 10 anos	25€

##### PRIMERA LICENZA

Primera LICENZA para aqueles xogadores e xogadoras, que non tiveron nunca LICENZA. Este tipo de LICENZAS pode aplicar no programa de bono LICENZA.

IDADE	Precio
>18 ANOS	25 €
hasta 18 ANOS	15 €

##### SEGUNDA LICENZA PARA AQUELES QUE SACARON POR 1ª VEZ A LICENZA NA TEMPADA DO 2023/20234

IDADE	Precio
>18 ANOS	32 €
ATA 18 ANOS	16 €

##### BONO POR PERMANENCIA DE LICENZA

Idade	Precio descuento
<b>Para todas as categorías</b> Bono descuento de 5€ para as LICENZAS que levan 10 o máis ANOS consecutivos dados de alta NA Federación Galega de Tenis	

##### TARIFA POR A HABILITACIÓN DE LICENZAS POR PARTE DA RFET

Se impone un importe de 15€ por cada habilitación de LICENZA recibida de outras Comunidades para participar na competición por equipos de Galicia.

### HONORARIOS DE TÉCNICOS e ÁRBITROS AÑO 2024

HONORARIOS TÉCNICOS	Categoría	Precio
	Profesor	27€/Hora
	Entrenador	20 €/Hora
	Monitor	16€/ Hora
	Instructor	13 €/Hora
	Capitanías fuera de Galicia	75 €/Día
Capitanías fuera de Galicia Técnicos FGT	60 €/Día	

DOCENTES	Categoría	Precio
	Profesor	45€

HONORARIOS ÁRBITROS	Categoría	Precio
	Xuíz de Línea	40 €
	Xuiz de Cadeira Partido	26 €
	Xuíz Árbitro	75 €
	Xuiz Árbitro Adjunto	60 €
	Xuiz Itinerante	60€ día 40€ xornada
	Un Xuiz de Cadeira cobrará un mínimo de 50 €/día aínda que sólo arbitrase un partido. Os Xuices de Cadeira que actúen como tal en Torneos Internacionais cobrarán a tarifa vixente do CEAT, así como os gastos destas tarifas (desplazamentos, dietas y otros gastos).	

### HOMOLOGACIÓN DE TORNEOS E TRÁMITE DE CADROS DE RESULTADOS:

Para que os campionatos e torneos saian publicados no calendario oficial da Federación Galega de Tenis, o organizador deberá solicitar autorización e asignación de número de rexistro que será obrigatorio para que os resultados sexan tomados en conta para a clasificación nacional efectuada pola RFET. Este número de homologación deberá figurar obrigatoriamente nas bases do Torneo.

TRAMI TE CADR	Categoría	Precio
	Trámite cadros de resultados de competicións homologadas	1,40 €/xogador
Trámite de competicións homologadas en formato liga	0,70 €/resultado	

Os costes da tramitación dos cadros de resultados están suxeitos ao regulamento en vigor de bonificacións a clubs.

Ademáis das cotas pola tramitación dos cadros, os clubs deben pagar o 20% das inscricións á Federación Galega de Tenis nos campionatos Galegos.

Cotas a pagar a RFET pola tramitación dos cadros de resultados:

TORNEOS RFET	Tipo de torneo	Precio
	Cadros xuvenis	1,00 €
	Sin premios-excepto xuvenis	1,35 €
	Premios menores de 3.000€	3,50 €
	Premios entre 3.001€ y 6.000€	4,65 €
	Premios máis de 6.000€	5,85 €
	Cadros de dobles	0,50€
Estas cotas inclúen previas, consolacións e os W.O. O pago efectúase coa inscrición e o club debe acompañalo, xunto cos cadros de resultados, á federación territorial para que estes poidan ser admitidos para a clasificación nacional. Estas cotas de participación en torneos a pagar á RFET están pendentes de confirmar pola súa banda. No caso de que as modifiquen axustaranse ás novas tarifas.		

#### IMPORTE MÁXIMO DAS COTAS DE INSCRIPCIÓN

Estos son os importes máximos para as cotas de inscrición nos Campionatos Galegos Individuais

COTAS DE INSCRIPCIÓN	Categoría	Importe Máximo
	Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e junior (mas. e fem.)	16 €/xogador
	Absoluto	22 €/xogador
	Veteranos	22 €/xogador
	Circuito Protenis	6 €/xogador

#### COTAS DE INSCRIPCIÓN CAMPIONATOS GALEGOS POR EQUIPOS

COTAS EQUIPOS	Categoría	Div. Honor A	Div. Honor B	1ª Div.	2ª Div.	3ª Div.
	Absoluto (mas. e fem.)	250 €	140 €	120 €	115 €	90 €
	BenXamín (mixto)			100 €		
	Alevín (mas. e fem.)			110 €		
	Infantil (mas. e fem.)			110 €		
	Cadete (mas. e fem.)			110 €		
	Junior (mas. e fem.)			90 €		
	Veteranos	90 €		90 €		
	Veteranas	90 €		90 €		

A petición dos assembleístas a categoría benxamín se pasa de 110€ a 100€

#### ASISTENCIA ÓRGANOS DE GOBIERNOS

TARIFAS	ASAMBLEA	COMITÉ COMPETICIÓN	RESTO COMITÉS
	30€ + DESPRAZAMIENTO	15€/SEMANA	15€ REUNIÓN TRIMESTRAL

Estas tarifas de asistencia a órganos de gobernó so serán de aplicación unha vez aprobadas as modificacións dos estatutos federativos relativas a este punto.

#### OUTROS GASTOS:

Desprazamentos: Abonaranse 0,26€ por km (prezo estipulado Xunta de Galicia) desde o lugar de residencia (ida e volta), gastos de autoestrada ou de calquera medio de transporte público se non se utilizase o propio. Soamente abonarase o transporte cando o desprazamento orixinal-final sexa superior a 15km de ida e 15 km de volta.

Manutención: a todos os árbitros que traballan día completo.

Aloxamento: En estancias superiores a 1 día e distancia do lugar de residencia superior a 150km, o árbitro poderá ser aloxado nun hotel próximo ao lugar de celebración da competición en función de horarios etcHomologación de pistas: 0,00 €

#### COTAS DE AFILIACIÓN DE CLUBS

A tarifa para o alta de novos clubs é de 200€

Para os clubs elementais, aplícase redución do 50% -100€

En zonas do territorio especial promoción vinculado a LICENZAs, aplícase redución do 100%-0€.

BOLA OFICIAL 2024-2027: HEAD

Estas tarifas son aprobadas por unanimidade

Juan Carlos Márquez do Club de Tenis Ponteareas solita revisar a aplicación de xestión de licenzas porque está a dar moitos problemas coa facturación e os descontos.

Diego Negreira consulta sobre os prezos das licenzas de tenis praia, que antes valían 25€.

Respóndese que o prezo da licenza é agora único e que os tenistas de tenis praia entran cos mesmos descontos que o resto de xogadores.

Votación:

Votos en contra: 14

Abstencións: 0

Votos a favor: 15

- 5. Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por valor máximo do 10% do orzamento e así mesmo ata o máximo do importe do 100% de subvencións específicas concedidas en firme.**

Apróbase por unanimidade

**6. Calendario de competición do 2024.**

Toma a palabra Marco A Casal que explica brevemente que o calendario oficial da Federación mantén o formato destes últimos anos debido a que se considera o mais adecuado, tendo en conta o volume de competicións desta federación.

Déixase a ligazón ao arquivo onde se poden comprobar todas as datas dos distintos campionatos galegos, individuais e por equipos e resto de torneos organizados pola propia federación, como o circuíto Head e másters.

<https://docs.google.com/spreadsheets/u/3/d/e/2PACX-1vRu1-LxOeQlztDBC2dxDcS9NewAhYlWbmdi5jwsHr7iC15AawTKIDABQwRx9L4wEN535hMlzfYuMpk/pubhtml>

Votación:

Votos en contra:	12
Abstencións:	0
Votos a favor:	17

**7. Modificación aos Regulamentos de Competicións.**

Ampliación horario envío de actas

Amplíase o horario para o envío de actas do martes ás 12:00 ao martes ás 15:00 horas.

Propostas de cambio sistema de xogo en Campionatos Galegos Alevín e Infantil

Proponse modificar o sistema de xogo de 3 sets a 2 sets + súper en estas categorías.

Votación. Apróbanse por unanimidade

**8. Propostas de Competicións**

Recibiuse a seguinte proposta:

Competición por Equipos Veteranos +50 mixto.  
Sistema de competición por concentración.



Sistema de xogo:

2 individuais femininos + 2 individuais masculinos+ 2 parellas mixtos.

Votación. Apróbanse por unanimidade

## 9. Informes do Presidente

No 2023 celebráronse 2 torneos internacionais de categoría sub14, un no Club de Tenis Pontevedra e outro no Casino Sporting Coruña, o que segue incrementando a competición internacional en Galicia.

Por este motivo e outros, hai solicitada unha entrevista con José Ramón Lete Lasa para tratar de facer ver a importancia que vai adquirindo o calendario federativo e tratar de incrementar a subvención relacionada sobre todo cos Proxectos de Especial Relevancia.

Ten tamén solicitada coa Deputación de Pontevedra.

Segue mantendo reunións coa Federación Portuguesa e a Asociación de Tenis Porto para tratar de organizar o Challenger conxunto proposto xa o pasado ano.

Resume a organización do torneo ibérico que se celebrou en Ourense na que participaron as 4 asociacións de Portugal, Asturias, Cantabria, País Vasco e Castela León

## 10. Rogos e preguntas

Luis Fernández despois de ler o que se aprobou na acta referente á situación que se produce en referencia ao regulamento de sancións, solicita que se volva a revisar e preséntense para a súa aprobación na próxima reunión de Asemblea.

O presidente decide que se estudarán todas as propostas recibidas antes da seguinte Asemblea para poder levalas para a súa aprobación en seguinte asemblea.

Hai que ter en conta que mentres tanto son de aplicación as aprobadas en reunión de Comisión Delegada.

A pedimento de José Deus, procédese a incluír unha aclaración nos regulamentos de desempate entre 3 ou máis equipos, de tal forma que se sinale de forma inequívoca que o punto extra conseguido nos sistemas 4-2, e 5-2 ao gañar os dous dobres compute no devandito desempate.

Blas Sobrido solicita que se envíe antes a convocatorio e o calendario.

O calendario está a enviarse con 15 días de antelación, facelo con mais tempo é moi difícil e complicado.

Juan Carlos Márquez solicita á presidencia para ver se se pode solicitar nas reunións pendentes coas distintas institucións unha liña de subvencións para cubrir pistas, que fose complementaria coas posibles accións dos distintos concellos para que fose o menos custoso posible aos clubs.

O Presidente informará desta petición nas súas reunións e se algún necesita da súa presenza en calquera reunión fará o posible para estar presente nas mesma.

E non habendo mais temas que tratar, sendo as 19:00 horas dáse por pechada a sesión, da que se levanta a presente acta, que asino como secretaria da mesma co VºBº do presidente, José Mosquera Casero.

M<sup>a</sup> Jesús Fernández García

V<sup>o</sup> e prace

José Mosquera Casero  
Presidente